

## OS PINCIPIOS LIBERAIS DA NACION APLICADOS A GALICIA

Neste campo, como en tantos outros, Convergencia XXI está logrando renovar completamente os postulados teóricos do galeguismo, que tan necesitados estaban dunha actualización, o liberalismo, que frecuentemente en España, e con respecto á cuestión nacional, se asocia ao centralismo, ofrece unha posibilidades teóricas moi potentes en relación á conexión entre a liberdade individual e a liberdade nacional, pese a o intento de moitos liberais centralistas de contrapor radicalmente o liberalismo e a liberdade individual ao nacionalismo en calquera das suas formas.

Os mesmos que mencionan con empacho a Von Mises ou a Huerta de Soto ignoran despois, nun exercicio de falta de honestidade intelectual, unha parte fundamental do seu pensamento, aquela que se refire ao nacionalismo liberal. Tres son os principios do nacionalismo liberal que Convergencia XXI fai seus. En primeiro lugar o principio de autodeterminación, en segundo lugar, o principio de completa liberdade de comercio entre as nacións e en terceiro lugar, o principio de liberdade de inmigración e emigración

### 1.-O PRINCIPIO LIBERAL DA AUTODETERMINACIÓN.

No primeiro capítulo da obra de Von Mises, "Nación, Estado e Economía" publicada en 1919 vincula a existencia da nación a unha comunidade lingüística e fala da liberdade nacional como unha extensión natural da liberdade individual: *"Para coñecer realmente a esencia da nacionalidade, non podemos partir da nación mesma, senón do individuo. Quer dicir, debemos preguntarnos que é o que no individuo constitúe o elemento nacional e que é o que decide a súa pertenza a unha determinada nación. Entón recoñecemos inmediatamente que este elemento non pode ser nen o lugar no que o individuo habita nen o estado ao que pertence"*

Tamén rexeita o intelectual austríaco o concepto de raza como definitorio da nación, o que dito hai case un século, cando o racismo comezaba a campar ás suas anchas en Europa, indica a verdadeira natureza do liberalismo, como unha doutrina que non pretende colocar ao individuo un determinante superior senón que sexa o propio individuo e algunha característica cultural do mesmo, como a comunidade lingüística á que pertence a definitoria da súa pertenza a unha ou outra nación.

Desde un punto de vista liberal a nación representa un conxunto de comportamentos pautados , língua e cultura nomeadamente, rexidos por unha orde espontánea, o que obviamente excluíría a España ou a Franza desta definición de nación, portanto e conforme aos principios liberais da nación tampouco podemos compartir criterios historicistas, igualmente esencialistas e antidemocráticos, representados no arcaico centralismo que aquí padecemos, e que pretenden negar o dereito de expresión nacional democrática dos pobos afirmando que a existencia durante cincocentos anos dun estado, como España, de límites invariables proba automaticamente a existencia dunha única nación no mesmo territorio.

Continua Von Mises en relación á lingua como determinante da existencia dunha comunidade nacional " *A comunidade da lingua e ante todo unha consecuencia dunha comunidade étnica ou social; mais ela como tal, con independencia da súa orixe, convírtese logo á súa vez nun novo vínculo que provoca determinadas reaccións sociais. Ao aprender a lingua o neno asimila os modos de pensar e de expresar o seu pensamento que a lingua lle traza, e desta maneira recibe da mesma unha impronta que non poderá borrar nunca da súa propia vida*"

Máis adiante o autor define os dous tipos ou categorías de nacionalismo, o liberal ou pacifista, por un lado e o militarista ou imperialista, "*ao principio absolutista que impele ao soberano a someter ao propio dominio todos os territorios que pretende conquistar, o liberalismo contrapón o principio de autodeterminación dos pobos, corolario necesario do principio dos dereitos do home. Nengún pobo e nengunha parte dun pobo deben ser retidos contra a súa vontade nun conxunto estatal que rexeitan. A nación política é a expresión do conxunto daqueles que, animados do sentimento de liberdade, queren formar un Estado*"

O nacionalismo liberal é consustancialmente pacifista xa que nel o principio de nacionalidade non se lanza contra os membros doutras nacionalidades senón contra o tirano, entendendo por tirano, na actualidade poderemos identificar con facilidade ao tirano, non como un monarca absoluto pero si como un Estado que impida através de diversas artimañas o exercicio do dereito de autodeterminación, por exemplo, aplicando unha aritmética democrática de maiorías e minorías, onde as maiorías nacionais se impoñen ás minorías nacionais, revestindo de legalidade constitucional e democrática unha imposición tiránica.

No nacionalismo liberal non existe antítese algunha entre nacionalismo e cosmopolitismo, a idea liberal é nacional e cosmopolita ao tempo, ademais de ser revolucionaria, porque quere abatir toda autoridade que non estea de acordo cos seus principios, pero é tamén pacifista. Nun mundo onde todos os pobos estiveran liberados, e todos os pobos respectasen o dereito a decidir dos outros pobos, eliminaríamos un motivo de guerra, se a isto unimos a interdependencia que xera o libre comercio, que permite o intercambio pacífico e lucrativo de recursos e que xera unha vontade e interese en preservar a estabilidade e a paz pois as posibilidades de guerras reduciríanse á nada.

Podemos observar con meridiana claridade que o pensamento liberal encaixa como unha luva na defensa da existencia política dunha pequena nación sen estado, como Galicia, a lexitimidade liberal da nación galega non pode ser máis forte, Galicia é un exemplo perfecto dunha nación na súa defenición liberal xa que a existencia hoxe de Galicia como comunidade nacional, non é, en absoluto, froito de decisións directas de construción colectiva antidemocrática. Ninguén decidiu nun despacho ou nunha reunión que se falase o mesmo idioma de Ribadeo á Guarda ou de Ponteceso á Mezquita, mentres que se fale o mesmo idioma desde A Coruña ata Murcia, desde Girona a Huelva ou

desde Brest a Perpiñán responde a unha decisión construtivista e intervencionista tomada en despachos de forma antidemocrática, esta si, unha verdadeira imposición autoritaria contra a liberdade dos cidadáns e esta si, unha forma de nacionalismo imperialista claramente oposta ao liberalismo.

Na dicotomía da nación liberal ou espontánea (Galicia) vs. nación construída (España) os amantes da liberdade sempre nos identificaremos coa primeira, compartindo, desta maneira, os anxeios de liberdade individual cos anxeios de liberdade nacional.

A pesar de todo isto e desde posicións pretendidamente liberais en España, hai quen di que o liberalismo é oposto ao nacionalismo debido a que o liberalismo focaliza no individuo, na liberdade individual, e o nacionalismo na colectividade. Obviamente estas persoas non leron a Mises ou a Huerta ou non lles interesa esa parte das súas ensinanzas, os que entran en fonda contradición co liberalismo son eles, defendendo ou como mínimo non cuestionando a lexitimidade liberal dun constructo imperialista, como España, un constructo colectivista feito desde un profundo intervencionismo público, a base de esmagar as liberdades individuais, como todos os constructos colectivistas, *"o liberalismo non coñece nen conquistas nen anexións; como permanece indiferente respecto ao Estado en xeral, non concede importancia algunha nen sequer á dimensión dese Estado"*.

É portanto o nacionalismo militarista ou imperialista o que entende como nacionalismo a subordinación total e involuntaria do individuo a un proxecto colectivo, o que entende como nacionalismo a afirmación do propio a costa do desprezo do alleo ou o que entende por nacionalismo a construción dun proxecto colectivo non definido democraticamente. No caso español os que así pensan atrevense a autodefinirse como "non nacionalistas", un exemplo de burda manipulación, algo francamente intragable para calquera pensador honesto.

Iso non quita que tamén haxa quen defenda para as nacións sen estado un modelo de nacionalismo abertamente antiliberal, como o que en Galicia representa o mundo da esquerda nacionalista, sendo Convergencia XXI os pioneiros en aplicar os principios do nacionalismo liberal a Galicia. Seguindo o razonamento, Galicia ten dereito a autodeterminarse, polo tanto o pobo galego debería poder definir democraticamente en que grao quere compartir a súa soberanía natural con outros pobos.

Ás veces téntase reducir ao absurdo por parte dalgúns o dereito de autodeterminación, dicindo que unha provincia ou un concello de Galicia tamén se poderían autodeterminar, aínda que dun punto de vista da teoría liberal isto é así, falta o elemento obxectivo que emane dos individuos desa cidade ou desa provincia para poder considerar que son suxeito do dereito de autodeterminación, pode ser a lingua ou mesmo podería ser unha vontade inequívoca dunha grande maioría dos individuos, pero non é fácil de ver cal podería ser o elemento definitorio por exemplo do dereito de autodeterminación de Lán cara, de Mondariz ou dunha división administrativa

provincial.

En moitas ocasión tratase interesadamente de identificar necesaria e univocamente a autodeterminación coa independencia, coa constitución dun estado propio, cando esta é apenas unha das múltiples posibilidades da autodeterminación, se partimos da lingua e cultura como principal elemento definitorio da orde espontanea nacional, poderemos ver que hai casos nos que, de forma libre, encontramos fragmentos de diversas nacións dentro do mesmo estado, como é o caso de Suiza, casos no que a mesma nación linguística se encontra dividida en varios estados como é o caso alemán, xa que temos partes da nación alemá repartida ao menos en tres estados; Alemaña, Austria e Suiza. O que tamén nos indica que a se chegamos á conclusión de que Galicia e Portugal comparten idioma e polo tanto a mesma orde nacional espontanea, non teriamos que chegar necesariamente á conclusión de que tivesen que compartir o mesmo estado. España é un estado no que, ao menos, están incluídas, non sabemos se voluntariamente, xa que non hai posibilidade legal de exercer o dereito de autodeterminación, catro nacións; a castelá, a catalana, a basca e a galega.

Converxencia XXI identifícase cun tipo de nacionalismo consistente en defender o dereito e a vontade democrática dunha maioría de cidadáns dun pobo que comparte uns trazos culturais a manifestar a seu desexo libre de se agrupar, autoorganizar e decidir democraticamente cal é o marco xurídico do que se quere dotar, incluíndo a decisión de compartir ou non a súa soberanía. Tamén asumimos desde Converxencia XXI a oportunidade política de non definirse abertamente como "nacionalista" xa que o concepto de tal palabra que neste momento ten a maioría da cidadanía do País non corresponde á nosa innovación teórica polo que a posibilidade de definírnos como un partido galeguista ou galego recolle plenamente a esencia do noso posicionamento político.

O liberalismo e a defensa política da existencia dunha nación son perfectamente compatibles e mutuamente enriquecedores. O individuo libre ten unha tendencia natural a agruparse en comunidades nacionais e as posibilidades de desenvolvemento individual dependen enormemente do desenvolvemento dunha determinada comunidade nacional. As liberdades individuais, incluíndo os dereitos humanos que o liberalismo proclamou, son papel mollado onde a nación fracasa, onde non hai un conxunto de individuos libres capaces de se dotar dun Estado que garanta o respecto á propiedade, á liberdade e a igualdade ante a lei. Moitos lugares de África son un bo exemplo do lesivo que para a liberdade individual é a ausencia dun estado, polo que debo concluír que o nacionalismo liberal é imprescindible para a plena realización do individuo en liberdade e democracia.

## 2.- A PLENA LIBERDADE COMERCIAL ENTRE NACIÓNS

Este é un aspecto fundamental, xa que se as nacións se empeñan en fixar fronteiras xeográficas específicas que as afaste establecendo dificultades á

liberdade de comercio e medidas proteccionistas, entonces inevitablemente xurdirá en maior ou menos medida a necesidade de organizar a súa economía e sociedade sobre a base da autarquía, que é garantía dun empobrecemento radical, do retorno ao nivel de subsistencia de épocas pretéritas, de calquera nación e isto é así polo alto grao da división internacional do traballo.

Ningunha zona xeográfica dispón da totalidade dos recursos necesarios para manter unha economía moderna, polo que unha nación proteccionista se vería abocada continuamente a forzar a expansión das súas fronteiras coa finalidade de gañar máis recursos económicos, materiais e humanos. Xerando desta maneira e inevitablemente a lóxica do conflito e da guerra, que se xustifican coa finalidade de expandir as fronteiras e gañar máis mercados e recursos produtivos.

É portanto facil de entender que foi o nacionalismo proteccionista o que alentou os grandes conflito bélicos, a Alemaña nazi é un exemplo desta necesidade expansionista das nacións proteccionistas, tamén, os conflitos que vemos hoxe en día entre estados desaparecerían nun contexto no que existise un mercado común con completa liberdade de comercio entre todos os estados. A lóxica do comercio libre entre nacións é a lóxica da paz, mentres que a lóxica autarquica e socialista leva indefectiblemente ao conflito e á guerra.

As nacións pequenas como Galicia son as que con máis facilidade permiten plasmar e por en practica a desexabilidade do comercio libre, xa que conforme unha nación se encontre adscrita a un Estado político máis pequeno, moito máis difícil lle resultará impor o proteccionismo centralista xerador de conflitos bélicos. Esta importante lei económica é sen dúbida algunha un argumento a favor da descentralización e a localización política das nacións en unidades administrativas canto máis pequenas mellor.

### 3.-LIBERDADE DE INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN

A liberdade de inmigración e emigración debe estar sometida aos principios xerais do dereito, en particular ao dereito de propiedade (tamén sobre as zonas públicas), é dicir, o Estado non debe levantar fronteiras que impidan a entrada de estranxeiros mentres que estes teñan medios de vida independente, quer dicir, un posto de traballo, un patrocinador, compre neste sentido evitar subsidiar a inmigración en base a mecanismos automáticos do estado de benestar. É dicir; nen fronteiras, nen imáns artificiais, o estado non debe impedir nen fomentar a inmigración.

Os problemas máis visibles a que da lugar a inmigración soen ter a súa orixe en que non hai, con carácter preexistente, unha clara definición e/ou defensa dos dereitos de propiedade implicados, polo que aqueles que chegan causan inevitablemente número de costes externos aos que ali xa residían, o que termina dando lugar a brotes de xenofobia e violencia que teñen un grande custo social.